

Falade ós carballos

HEMA BOUZÓ

Falade ós carballos
da Fraga Oliveira
que espíritos dorme
a soña-la néboa.

Sentide as presencias
que dormen na terra
agardando o soño
da fin da desfeita

Falade ós carballos
do souto San Cosme
que voces antigas
choran vellos bosques

Sentide no río
o pranto dos homes
verquidos na serra
queimados no monte.

Faladelle á chuvia
e ó vento do Norte
se viron o mar
tan negro de morte.

Sentide o queixume
calado das fontes,
se canta a serea
na doca do forte.

Ollade as gaiotas
comendo no podre
do mar que mataron
os sempre traidores

Traidores da farsa
da farsa señores
que falan veneno
¡Manda de traidores!

Traidores dos ríos,
dos mares, dos bosques.
Traidores da terra.
Soamente traidores.

Traidores de negro.
Un mar de traidores.
¡E falan galego!
¡Malditos traidores!

Traidores da Fraga
sedentos de noite.
Señores da guerra.
¡Traidores!, ¡traidores!

